

TI BEN SABES

Sei que pensas que son un pouco teimudo e impulsivo ás veces, pero desta volta téñolle dado moitas voltas e pensado isto moi ben. E non foi fácil tomar esta decisión, non creas. Deixar aos nosos alá non é doado. E moito menos co que está a pasar cada día... ti ben sabes.

Por iso mesmo, pénsao ben antes de volver. Velaí chega a lancha dos prácticos para nos abordar, e estes franceses non se andan con lérias. En canto cheguen, todo serán presas: Allez, allez!

Pódelo ver pola amura de estribor? Aquel é o porto onde nos deixarán en terra. Chámanlle Saint-Nazaire, un porto pesqueiro non moi diferente de todos aqueles que xa temos coñecido ti e mais eu. Un peirao é un peirao en calquera parte deste mundo, e os mariñeiros sempre falamos a mesma linguaxe.

Ben sei que temes botar en falta a casa, a familia... e que tes medo do que lles poida acontecer aló. Tamén eu, e todos os demais, ou que pensas? Non se trata de andar na procura de aventura, como cando eramos novos e embarcamos as primeiras veces. Agora só vai de sobrevivir.

Ao final do verán, pensabamos que logo dalgún tempo, quizais uns meses, todo se calmaría. Pero desta vez todo é diferente... queren acabar con nós, con todos nós. Non lles importa nada o mañá porque pretenden que ningún de nós vexamos ese día.

Debiámolo ter pensado xa naquela mañá de verán, cando escoitamos as sereas dos barcos e fábricas ao outro lado da ría, e logo os trebóns do canón a rachar aquela mañá clara de domingo. Semellaba o anuncio de que estaba a chegar unha galerna. E o que chegou foi unha tormenta de chumbo e lume.

Non te acordas xa do que pasou despois? Pois lémbrocho eu. Non pasara unha semana e chegaron os coches cos gardas e soldados, e con eles os de sempre, agora sen garabata e vestidos de azul, pero os berros e as armas eran coma sempre. E foron a tiro fixo, nunca mellor dito, a polos do sindicato. Un deles, o Cesáreo, do barrio de Santa Lucía, tan afeito a traballar dende cativo nos peiraos de Garás e a Palloza. Foi un dos que prenderon nos primeiros días. Tíñase refuxiado na casa do pintor, aló en Coruxo de Abaixo.

Si, home, si. Sabes de sobra de quen falo... Francisco Miguel penso que se chamaba, que tiña unha librería na Coruña. Vivía coa súa muller e os fillos nunha casa que chamaban “Casa da Felicidade”. Pois alí prenderon a ambos. Atoparon o cadáver do pintor en Carballo, e mesmo lle cortaran as mans para que non puidera pintar tampouco noutra vida se houber. Do Cesáreo ningún soubo onde o levaran.

Non había outra que fuxir. E botámonos aos montes ou agochámonos en alpendres, en cortes, baixo os teitos das casas... onde se podía. Malia todo, moitos aínda seguían pensando que pasaría, que acabaría por baixar a marea de sangue e rabia.

Non, isto non é unha arroutada. Cando estás preso, aínda que sexa no agocho da túa casa, cando o medo te consome cada hora, non deixas de pensar. En realidade, non fas outra cousa que pensar.

Cantas veces teño imaxinado esta vella tarrafa abaneándose fronte á praia, agardando para nos levar lonxe. A “María Helena J.” aparecíaseme nos sonhos como unha serea, fermosa e ceibe. E cantaba, vaia se cantaba. Ás veces cancións de berce, para conseguir prender o sono, e outras veces,

cancións de loito polos que sabía que ían caendo. Mais tamén cancións de loita, como as de aquelas romarías no porto de Santa Cruz.

Parece que acontecera noutra vida, pero hai só uns anos daquel día en que ducias de pequenas embarcacións cruzabamos unha manchea de xente dende o peirao da Coruña. Lembras, non si? Que ben o pasamos: xantar, conversas, cancións... e aquelas rapazas que recollían cartos para os presos e te poñían unhas escarapelas vermellas e negras no peito da camisa. A xente estaba leda e había esperanza. Logo, na viaxe de volta, as risas ceibadas ao vento cando virabamos a lancha para que as ondas racharan contra a borda, salpicando ás mozas, que berraban pero cun sorriso nos beizos.

Por todo iso, fúmonos poñendo en contacto os agochados, os perseguidos... As nenas e as mulleres indo e vindo, traendo e levando mensaxes, procurando que ninguén se dera de conta do que estabamos a tramar, e agardando polo mellor momento para facelo.

Algúns fomos saíndo das tebras á luz do día, ás rúas. Sempre co temor de ser prendidos en calquera momento, baixo a permanente sospeita a axexar no ollar dalgún veciño. O inverno foi moi duro: frío, fame e medo non fan bo caldo.

Cando comecei de mariñeiro nesta tarrafa do médico Don Ramón, xa era un mariñeiro con experiencia, ben me coñeces, e mesmo tivera o meu propio barco. Sabía pois que non sería unha estadía nun balneario, como o que ten en Riazor o irmán do doutor. Ademais, xa non había sindicato para nos protexer, e habería que coller o que nos deran, sen protestar e, por riba, dar as grazas. Todo iso das folgas xa tiña pasado e só quedaba un presente gris,

apenas cun fío de esperanza en que, se resistiamos, seríamos quen de ter un mañá.

Ben cedo me afixen aos ritmos e teimas do patrón, o Manuel sempre tan concienciado, e ao compañeirismo con todos vos, unha tripulación coa que pasaría tantas horas a bordo. Tamén houbo que afacerse aos controis, a pasar cada xornada de traballo polos gardas do porto para a “requisa”. Pasaba os longos días de faena, preparando o plan para que puidéramos saír desta cadea na que tiñan convertido as nosas vidas.

Coa primavera, cando o mar repousa tralos temporais do inverno, comezamos a coñecer dalgunhas fugas. Eran novas que non aparecían nos xornais, sempre cheos de desfiles, proclamas e partes de como estaban a gañar a guerra. Nas tabernas, en voz queda, falábase das outras novas, pero cumpría ter coidado e saber moi ben con quen falabas.

Xa sabes o que pasou en marzo no Portiño, alguén falou de máis e os soldados e os gardas dispararon dende as rochas aos homes nas lanchas e tamén aos que caeran ao mar tratando de subir a aquel bou. Aos que non mataron, prendéronos e levaron ao cárcere. Moi poucos puideron escapar polos montes de Visma e agocharse de novo nas casas, sempre amigas, da Falperra, da Silva ou das Atochas.

Nas Atochas precisamente acabaron con “O Vello”, aló por xullo. Non me mires así, todo o mundo o chamaba daquel xeito. E aquel vello anarquista grego parecía estar satisfeito co alcume. Sabes o que fixeron? Entraron a tiro limpo nas casas contra todo o que se movía. Non respectaron as vidas das

mulleres e mesmo déronlle a un cativo. Quero pensar que antonte, dalgún xeito, viron a nosa partida dende as súas foxas sen nome en Santo Amaro.

Por todo iso marchamos. Na madrugada botamos ao mar a chalana que escurecéramos con chapapote, para evitar a ollada curiosa da lúa. Mais só había con nós o frío intenso e o bruar do vento, que rachaba o silencio dunha noite pecha de néboa. Con coidado de non facernos notar, bogamos ata o barco. Pedro e mais eu regresamos ao porto, a preparar a auxiliar e agardar por vos, mentres o resto de homes agochábanse na baleira bodega do barco.

Non tiña amañecido aínda cando a serea da fábrica de Labarta espertou o día, chamando aos operarios. Mentres, na “María Helena J.” xa estabamos todos a bordo, mesmo aqueles que nin sequera sabíades que estaban. O fogueiro alimentaba a insaciable boca da caldeira, e o patrón aprestábase para mandar soltar os cabos e liberar a embarcación.

Miña nai querida! que cara de sorpresa tiñades todos cando os homes saíron da bodega de proa. Non fixo falta nin vos ensinar as pistolas vellas que levábamos con nós.

Cando me puxen ao temón, xusto ao pasar fronte ao Xunqueiro e punta Bufadoiro, despedinme do porto de Mera, sen saber se volverei a recalar nas súas augas. A Torre de Hércules chiscounos o seu único ollo e o mesmo fixeron os seus irmáns xemelgos deste lado da badía. Daquela pedinlle ao motor que dera todo de seu para saír pronto a mar aberta.

Foron dous días moi longos e moi duros a bordo, seino tan ben como sabes ti. Estás canso e nervioso, como estaba o patrón xa dende a partida. Non deixou de protestar e alporizarse desde que pasamos a Marola. Mesmo

quería tirarse ao mar! Foi el quen decidiu quedar na auxiliar cando pasamos polo cabo Prior. Pero non temas por el... de seguro algún dos pesqueiros de Ares ou de Mugardos, que adoitan faenar nesas augas, deben telo recollido e levado a terra.

Non había outra. Pensa que marchar era o que tiñamos que facer, o único que podíamos facer se queríamos vivir con dignidade. Agora, podes decidir se quedas con nós ou marchas de volta a casa. Ninguén botará nada en cara, sexa o que sexa que decidas, asegúrocho. Cada quen sabe o que quere ou debe facer. Non te vou enganar, tan difícil será a vosa volta como o noso camiñar que hoxe comezamos. Quédavos xa pouco carbón, pero ti ben sabes que, ás veces, hai que tirar da madeira da obra morta para dar chegado a porto.

Sodes bos mariñeiros e vos desexamos moi boa mar. Só vos imos a pedir unha última cousa... dádelle apertas aos nosos e contádelles que chegamos aquí con ben. Cando regresedes, de seguro que vos prenderán e interrogarán a esgalla. Decídelles o que precisades para non caer eivados ou cos ósos na cadea. Non somos heroes, pero tampouco somos criminais. Só queremos vivir, e vivir con liberdade. Ti ben sabes!

NOTA

O contido deste relato é unha conversa imaxinaria de dous tripulantes do buque “María Helena J.” que o 7 de outubro de 1937 partiu de Mera e chegou dous días despois ao porto francés de Saint-Nazaire. Os feitos reais foron recollidos e publicados por, entre outros, os historiadores Dionisio Pereira e Carlos Velasco.